



## PLAN T.I.C.

### *Normas para o alumnado*

- ☞ Poñerase o máximo coidado posible no uso dos equipos.
- ☞ Examinaranse os equipos antes de iniciar a sesión, e se se detecta algunha deficiencia informarase ao profesorado.
- ☞ O alumnado que utilice un ordenador será o responsable dos posible danos que sufra.
- ☞ Durante as sesións da clase utilizaranse unicamente os programas indicados polo profesorado.
- ☞ Os danos nun ordenador ou no mobiliario da aula causados intencionadamente ou debidos ao uso incorrecto deberán ser aboados polos responsables deles.
- ☞ O alumnado terá asignado o seu ordenador nun rexistro que cada profesor/a xestionará en cada materia. Este rexistro ten como obxectivo determinar cales son usuarios de cada ordenador en caso de que apareza algunha anomalía no seu funcionamento ou dano no equipo.
- ☞ Está prohibido introducir programas dende discos, baixar programas de Internet, xogar, visitar páxinas web sen interese didáctico ou participar en chats na rede sen autorización do profesorado.
- ☞ Está prohibido sacar programas ou periféricos dos equipos das aulas salvo autorización expresa do profesorado.
- ☞ Considerarase falta grave o deterioro intencionado do mobiliario e dos equipos así como o borrado dos ficheiros do sistema operativo ou a introdución de claves nos programas. Será sancionable tamén a modificación da configuración orixinal dos ordenadores e dos programas instalados sen autorización.
- ☞ As carpetas e ficheiros de datos creados polos usuarios soamente poderán gardarse na carpeta *Mis Documentos* ou en unidades de memoria externas.
- ☞ Os ordenadores non teñen dono. Será o profesorado o que indique quen utiliza cada equipo. Ao rematar a sesión os ordenadores deben quedar en perfecta orde coa finalidade de facilitar a súa utilización por outros/as alumnos/as. Quedarán as mesas ordenadas, as aulas limpas de papeis e as cadeiras colocadas.
- ☞ O incumprimento de calquera destas normas sancionarase, dependendo da súa gravidade, como unha falta leve ou grave podéndose suspender temporal ou definitivamente o acceso do/a alumno/a aos ordenadores.